

LITERATURA

Victorino Pérez publica unha antoloxía de poesía relixiosa

O seu estudo remóntase ás cantigas de Afonso X e chega ata a actualidade

M.J.R. > FERROL

■ Victorino Pérez Prieto afrontou a escolma de poesía relixiosa que recolle en "Os ríos pasan cheos de Deus" de forma aberta, cun concepto de relixiosidade que pode ser explícito ou amosarse na espiritualidade do poeta, máis alá das súas crenzas. De aí o propio título da antoloxía, sacado dun verso de Xosé María Díaz Castro, que "fala dunha dimensión un poucoíño cósmica de Deus", explica.

Díaz Castro, encadrado na xeración do 36, é, segundo Pérez Prieto, "o que alcanza máis altura poética e relixiosa na literatura galega". Pero esta temática acadá representación en tódalas épocas, desde a poesía medieval de Afonso X ata as obras de Rosalía, Curros Enríquez e Pondal ou da xeración de Noriega Varela ou Aquilino Iglesias. "Pero, de feito, na poesía actual levaríamonos unha sorpresa ó ver que hai tamén moitos

poemas transidos de fe. Manuel María, por exemplo, e isto ténoo falado con el, ten poemas profundamente relixiosos".

Pérez Prieto presenta neste libro publicado pola editorial Toxosoutos un estudo propio sobre o tema e tamén creacións dos autores máis salientables e dos menos coñecidos.

Na casa > Entre os preto de 150 escritores que inclúe Victorino Pérez nesta antoloxía, hai varios nomes ferrolans. Os máis actuais serían os de Mantinho Montero —que acompañou, xunto con Xaime Bello, ó autor na presentación que se celebrou onte en Sargadelos—, os de Xosé Antón Miguélez —cura de Santa Mariña e San Xoán— ou Marcos Marino —quen fora párroco de San Xurxo—. Aínda que en Ferrolterra dase o caso de que parte deles teñen que ver coa curia, non é así no resto de Galicia e, no libro, a maioría non son curas.

"Os ríos van cheos de Deus" presentouse hai poucas semanas en Santiago dentro dos actos do 30 aniversario de "Encrucillada".



Victorino Pérez Prieto, onte, na galería Sargadelos

CARLOS CARBALLA